



**ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FUTBOL.- APERTURA DE SOBRE Nº 2 OFERTA ECONOMICA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, no Salón de Sesiões e en acto público, ás doce horas e corenta e cinco minutos do xoves, día 28 de novembro constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor acctal. do concello D. Alejo Ordóñez Méndez, a secretaria do concello D<sup>a</sup> Irene Suárez López, o animador deportivo municipal Diego Fernández López, o concelleiro de conxunto histórico e rehabilitación, deportes, xuventude e medios de comunicación D. Nicolás Lorenzo Montes, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D<sup>a</sup> María Jesús Blanco Martínez.

A continuación, pola Secretaria dase conta da documentación presentada polas empresas ao requirimento formulado pola Mesa de Contratación aos efectos de subsanación da documentación administrativa, e a Mesa de Contratación acorda admitir á licitación a tódalas empresas presentadas, que son:

- 1.- Mecano Sport, S.L., con enderezo en r/ Cesáreo González, 15, cp 36210 Vigo.
- 2.- M.S.R. Tracamón, S.L., con enderezo en Polígono Industrial Los Viveros, s/n - Guillarei.

De seguido pola Presidencia se procede á apertura do sobre nº 2 - Oferta Económica :

- Mecano SPort, S.L., que presenta unha oferta económica de:
  - Orzamento base: 24.541,37€. IVE: 5.153,69€. Total : 29.695,06€. Acompaña proxecto de prestación de servizo.
- M-S.R. Tramamon, S.L., que presenta unha oferta económica de:
  - Orzamento bae: 24.789,26€. IVE: 5.205,74€. Total: 29.995,00€. Acompaña proxecto de prestación de servizo.

Polo animador deportivo municipal e membro desta Mesa, se procede á valoración da proposta económica e proxecto de servizo presentado por cada licitador, de conformidade co prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas aprobados e que rexen a contratación:

**"INFORME CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DO CONCELLO DE TUI**

Unha vez abertos os sobres coa proposición económica e o proxecto do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol de céspede natural e sintético do Concello de Tui, das dúas empresas presentadas, Mecano Sport e MSR Tracamón S.L., se establecen os seguintes criterios de adxudicación:

1. Criterios cuantificables de forma automática:
  - A. Proposición económica: Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 80 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa.

Dado que o presuposto de licitación foi de 29.995,00€ anual, establécense as seguintes puntuacións:

<i>MSR Tracamón S.L. – 29.995,00€ – 0 puntos</i>
<i>Mecano Sport – 29.695,06€ – 80 puntos</i>

2. Criterios cuxa ponderación dependa de un xuízo de valor:
  - A. Proxecto de prestación do servizo. Ata un máximo de 20 puntos. O proxecto contará con:
    - Planificación do persoal para a xestión do servizo, con distribución do persoal e horarios para a

execución das diferentes tarefas.

**MSR Tracamón S.L.** establece os seguintes puntos:

- un cadro de persoal responsable, no que os encargados de mantemento e operarios manterán unha relación diaria coa conservación dos cinco campos de fútbol,
- os asesores técnicos prestarán ao menos unha visita mensual aos campos,
- os traballos de execución do mantemento levaranse a cabo en horarios que non interfiran na actividade deportiva.

**Mecano Sport** establece os seguintes puntos:

- un cadro de persoal responsable

- Maquinaria, material móbil e equipos que adscribiranse ao servizo.

**MSR Tracamón S.L.** establece a maquinaria necesaria para a realización do servizo de mantemento segundo as prescricións técnicas, incluíndo para as tarefas nos campos de herba natural:

- Tractor John Deere serie 2000 para o apoio ás tarefas de mantemento,
- Segadora helicoidal autopropulsada TORO LT3340, de 10 cuchillas de corte, cun corte de 1.50 metros de anchura,
- Escarificadora de eixe horizontal marca AMAZONE,
- Aireadora de marca AMAZONE,
- Recebadora e sembradora marca AMAZONE,
- Tapeadora arrastrada marca AMAZONE,

Para as tarefas dos campos de herba sintética:

- Cepillo barredor arrastrado de anchura 1.200 mm, marca AMAZONE,
- Cepilladora aireadora-descompactadora arrastrada, marca AMAZONE,
- Segadora corta-bordes, abonadora de tolva arrastrada e fumigadora de mochila.

**Mecano Sport** establece a maquinaria para a realización do servizo de mantemento en campos de herba natural:

- Segadora RANSOMES, con ancho de corte de 1 metro e molinete de 9 cuchillas,
- Escarificador autopropulsado, BILLY GOAT OS 900, con ancho de traballo de 56 cm,
- Recebadora de arrastre marca BILLY GOAT S400r1,
- Abonadora-Semilladora Sd Ar2020 Cereal,
- Rodillo de púas,
- Minitractor de arrastre,
- Rastrillos, rastrillos escarificador de resiembra, laias, desbrozadora Stihl 460, palas de punta, carretilla, vasoiras metálicas, gancha, equipo de barrido.

Para a realización das tarefas en campos de céspede artificial:

- Carretilla elevadora,
- Traspalé manual,
- Recebadora automática Sand Matic SMS, para extensión e recheo de granulado de caucho,
- Recebadora automática Sand Matic B1505RC para dosificación e cepillado de arena e/o caucho,
- Barredor Sport Champ SC2 SMG, para limpeza da superficie de xogo,
- Descompactadora Care Max SMG, para descompactación e limpeza da superficie de xogo,
- Limpiadora Turf Sofá SMG, específica para limpeza e mantemento de superficies de céspede artificial hasta 20 mm,
- Unidade de descompactación DC1600, levantadora de fibra,
- Line Cutre SMG, específico para a inserción de liñas de xogo,



- Glue Fix SMG, para extensión de cinta geotextil e cola de poliuretano,
- Band Layer SMG, Grass Cutre SMG, Seam Fix SMG e Cicle Cutre SMG, para corte de bandas para a inserción de liñas de marcaxe,
- Turf Grip SMG, Turf Cuter SMG, Turf Fix SMG, Edgetrimmer SMG, específicos para corte de céspede,
- Tractor e cepillo triangular, para redistribución da carga e levantamento da fibra dos campos.

- Calidade ambiental da oferta.

**MSR Tracamón S.L.** levará a cabo unha aplicación racional de produtos químicos, con prácticas compatibles co respecto ao medio ambiente, segundo a Normativa de Superficies Deportivas Encespadas de AENOR, a través do equipo de traballo multidisciplinar que posúe a empresa.

**Mecano Sport** solo establece o responsable das actuacións medioambientais do servizo.

- Periodicidade ofertada para as tarefas de periodicidade superior á indicada no prego de prescricións técnicas.

**MSR Tracamón S.L.** establece a mesma periodicidade á indicada no prego de prescricións técnicas.

**Mecano Sport** non establece o cadro de periodicidade das tarefas a realizar.

- Metodoloxía e técnicas a utilizar. Deberá incluír:

1. O Plan de fertilización, de conformidade co epígrafe 4.2. do prego de prescricións técnicas.

**MSR Tracamón S.L.** establece un plan de fertilización segundo o prego de prescricións técnicas.

**Mecano Sport** establece un plan de fertilización para a recuperación rápida do céspede, utilizando abono líquido para a estimulación da brotación da planta, fortalecemento da raíz e a rápida asimilación do nutriente.

2. O Plan de manexo integrado, de conformidade co epígrafe 4.3 do prego de prescricións técnicas.

**MSR Tracamón S.L.** establece un PMI conforme ao prego de prescricións técnicas.

**Mecano Sport** no presenta PMI para o control fitosanitario, dado que son partidarios da utilización de funxicidas e insecticidas de xeito correctivo, nunca preventiva, xa que se trata de causar a menor toxicidade e menor impacto medioambiental posible. Utilizarase fitosanitario selectivo para o control das malas herbas.

- Modelo de partes de traballo que se cubrirán das operacións executadas e incidencias detectadas nas instalacións.

**MSR Tracamón S.L.** presenta modelo de parte de traballo semanal.

**Mecano Sport** presenta modelo de parte de traballo semanal.

A valoración que se outorga a cada unha das empresas segundo o informe anterior sería a seguinte:

- Planificación do persoal para a xestión do servizo, con distribución do persoal e horarios para a execución das diferentes tarefas.

**MSR Tracamón S.L.** – 1.5 pto

**Mecano Sport** – 1 pto

- Maquinaria, material móbil e equipos que se adscribirán ao servizo.

**MSR Tracamón S.L. – 3 ptos**

**Mecano Sport – 3.3 ptos**

- Calidade ambiental da oferta.

**MSR Tracamón S.L. – 2 ptos**

**Mecano Sport – 0 ptos**

- Periodicidade ofertada para as tarefas de periodicidade superior á indicada no prego de prescricións técnicas.

**MSR Tracamón S.L. – 0 ptos**

**Mecano Sport – 0 ptos**

- Metodoloxía e técnicas a utilizar. Deberá incluír:

1. O Plan de fertilización, de conformidade co epígrafe 4.2. do prego de prescricións técnicas.
2. O Plan de manexo integrado, de conformidade co epígrafe 4.3 do prego de prescricións técnicas.

**MSR Tracamón S.L. – 3 ptos**

**Mecano Sport – 1 pto**

- Modelo de partes de traballo que se cubrirán das operacións executadas e incidencias detectadas nas instalacións.

**MSR Tracamón S.L. – 3 ptos**

**Mecano Sport – 3 ptos**

A suma total destas puntuacións daría a seguinte puntuación total:

<i>MSR Tracamón S.L. – 11,5 puntos</i>
<i>Mecano Sport – 8.3 puntos</i>

Por conseguinte, a suma total de ambas as dúas puntuacións sería a seguinte:

<i>MSR Tracamón S.L. – 11,5 puntos</i>
<i>Mecano Sport – 88.3 puntos</i>

**MECANO SPORT**, no seu proxecto de prestación do servizo de mantemento dos campos de fútbol do Concello de Tui non reflexa o indicado no punto 5.8 do prego de prescricións técnicas:

*“5.8.- Recebo de recheo con caucho:*

*A empresa adxudicataria realizará 1 vez ao ano e ao termo da tempada dos equipos de fútbol, o recebo dos campos de fútbol co mesmo caucho que ten cada un, a razón de 10 toneladas por ano de contrato, a distribuír entre os tres campos, segundo as necesidades de cada un deles.”*



De conformidade coas valoracións outorgadas polo técnico municipal a Mesa de Contratación acorda **proponer á empresa "Mecano Sport, S.L."**, CIF B27788397, con enderezo en r/ Cesáreo González, 15-baixo, 36210 Vigo, como adxudicataria do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

*A MESA DE CONTRATACION.*

*O ALCALDE*

*Asdo: Moisés Rodríguez Pérez*

*VOGAIS:*

*O INTERVENTOR ACCTAL.*

*Asdo: Alejo Ordóñez Méndez.*

*O ANIMADOR DEPORTIVO MUNICIPAL*

*Asdo. Diego Fernández Lopez.*

*O CONCELLEIRO DE CONXUNTO HISTORICO  
E REHABILITACIÓN, DEPORTES E M.C.*

*Asdo. Nicolás Lorenzo Montes.*

*A SECRETARIA DA MESA*

*Asdo. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Martínez*

*A SECRETARIA DO CONCELLO.*

*Asdo: Irene Suárez López.*

*O CONCELLEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO*

*Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez.*

